

EXPEDIENTE: 2221/2022

Resolución provisional de admitidos/as e excluidos/as. Convocatoria do proceso selectivo para a contratación temporal de socorristas acuáticos en espazos naturais.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por resolución desta alcaldía de data 13/05/2022, procedeuse á aprobación das bases que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a cobertura laboral temporal de socorristas acuáticos en espazos naturais (subvención fomento de emprego da Xunta de Galicia).

O 25/04/2022 recibíuse autorización para a contratación anticipada de socorristas acuáticos en espazos naturais e de conformidade co disposto na Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 21 de 01/02/2022) da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras desta subvención, solicitouse oferta de emprego ó servizo público de emprego.

O 06/06/2022 mantívose reunión cos aspirantes interesados no posto dentro do resultado da oferta de emprego remitida polo SEPE (nº 12-2022-5564).

O 13 de xuño de 2022 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar **provisionalmente admitidos/as** ó proceso selectivo convocado por resolución de alcaldía de data 13/05/2022, polo que se aproban as bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a cobertura laboral temporal de socorristas acuáticos en espazos naturais, ás seguintes persoas por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases das que rexen este procedemento:

Nome	Proba de lingua galega
PLACES FERNÁNDEZ, ALEJANDRO	Exento
TUBIO SUEIRO, ALEJANDRO	Exento
MUÑIZ SANVICENTE, MIGUEL ÁNGEL	Exenta
RAÑO ROMERO, CARLA	Exento
COIRA PÉREZ, YAIZA	Exento
GARCÍA LESENDE, MIRIAM	Exenta
DA SILVA CEBREIRO, VÍCTOR MANUEL	Non exento



Segundo.- Declarar **provisionalmente excluídas** ó proceso selectivo convocado por resolución de alcaldía de data 13/05/2022, polo que se aproban as bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a cobertura laboral temporal de socorristas acuáticos en espazos naturais, ás seguintes persoas e polos seguintes motivos de exclusión:

Nome	Motivo da exclusión	Proba da lingua galega
BARREIRO REIRIZ, MARCOS	Certificado Médico	Exento
ABALO ROMERO, ANXO	Titulación + Rexistro socorristas	Non exento

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello www.boiro.gal, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un **prazo de DOUS días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación** para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas nas listas publicadas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, na data que figura ó marxe, na sinatura dixital.

O alcalde do Concello de Boiro.

O secretario do Concello de Boiro.

